



Concerto

**Banda Municipal
de Ribadeo**

25 de Xullo de 1.996
Día da Pátria Galega




**EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**

DELEGACION DE CULTURA

ASOCIACIÓN
AMADORES DA MÚSICA
ACADEMIA DE MÚSICA
«CARLOS A. FDEZ. -CID»

25 DE XULLO
DÍA DA PATRIA GALEGA



Concerto

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL

ÁS 9 DO SERÁN, NA PRAZA DE ABAIXO

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

Desde 1.992, ano da súa presentación pública, a **Banda Municipal de Ribadeo** ven actuando cada 25 de Xullo, Día da Pátria Galega. Fíxoo, até o ano pasado, no templo do Parque de San Francisco, donde a formación actual, con máis de sesenta músicos, non cabe, obviamente. Xa que logo, a **Municipal** ribadense ofrece este seu concerto do 25 de Xullo, e os demais ao aire libre que dará en Agosto e na Patrona, neste espazo singular da Praza de Abaixo, no cenário que "Amadores da Música", a entidade promotora da Banda, fixo construír para o Festival de Bandas que organizou o pasado ano.

Dentro dunha semana exactamente, a **Banda** ofrecerá un outro concerto, dentro das xornadas "**Mar Por Medio**", como fixera en anteriores edicións. O programa dese outro concerto, que se celebrará na Igrexa Parroquial, será completamente distinto: nomeadamente, páxinas de música sinfónica, coa interpretación por vez primeira do poema sinfónico de Jean Sibelius **Finlandia**, cuxa preparación foi o reto máis ambicioso dos asumidos pola Banda e o seu director para a presente temporada.

Aludimos ao próximo concerto e á diferenza radical dos respectivos programas porque a comparación dará boa conta da versatilidade da nosa Banda, da súa heterodoxia, dun seu estilo que conxuga o lúdico co instructivo: música popular o Día da Pátria, música clásica no templo-auditorio.

No programa de hoxe hai tamén unha primeira interpretación: o popular fragmento da cena do tiuivo da película **Oito e medio**, de Federico Felini. Ademais, a música portuguesa que formou parte dos programas dos concertos da Banda Municipal de Ribadeo en Lisboa e en Loures o pasado mes de Novembro; paso-dobres, entre eles **Churumbelerías**, especialmente apreciado polo público habitual da Municipal; un vals, unha habanera, un mambo...

PROGRAMA

- Comendador**..... *Amilcar Morais*
(Marcha)
- Suite de fados**..... *Artur Ribeiro Dantas*
- O abano**..... *A. Javaloyes*
(Paso-dobre)
- "Yo te diré"**..... *J. Halpern*
(Habanera da película
Los últimos de Filipinas)
- La passerella di addio**..... *Nino Rota*
(Da película *Otto e Mezza*)
- O segundo vals**..... *D. Shostakovitch*
(Da *Suite de Jazz n° 2*)
- Mambo Jambo**..... *D. Pérez, Prado*
- Churumbelerías**..... *E. Cebrián Ruiz*
(Paso-dobre)

HERNÁN NAVAL

Director

